

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González

D^a. Aurora Varela Duro

D^a. M^a Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D^a. M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a. Cristina Castro Pampín

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a. Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, a 17 de febreiro de 2015.

Sendo as 20.05 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2014.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2015; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta desta comisión, Sra. Torreira González (do BNG):

- Que se trata dun novo plan que sacou a Deputación, cuxa característica fundamental é cooperar na redución do endebedamento e minorar os custos de mantemento das infraestructuras. Ademais trátase dun préstamo sen xuros.

- Que a Deputación concedenos un préstamo de 343.175,96 euros, que haberá que devolver en dez anualidades a partir do ano 2017. O importe anual a devolver será a décima parte do importe total transferido, tanto para a redución do seu endebedamento como para a realización de investimentos financeiramente sostibles. Devolverase a metade do importe anual o 30 de xuño e a outra metade o 30 de novembro de cada ano.

- Que o préstamo concedido vaise adicar:

a) A investilo en investimentos financeiramente sostibles, que serían os seguintes:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
<i>Subministro e renovación de luminarias nas parroquias de Lema e Rendal: lugar de Magulán e outros.</i>	64.737,09 €	0	64.737,09 €
<i>Subministro e renovación de luminarias na parroquia de Santa María: lugar de Seixas e outros.</i>	51.324,62 €	0	51.324,62 €
<i>Reparación camiño de Salmonte por Branza (Branza) e outros.</i>	69.071,04 €	0	69.071,04 €
TOTAL	185.132,75 €		185.132,75 €

Informando que, respecto do subministro e renovación de luminarias, escolleronse estas parroquias porque é onde hai mais luminarias; e, respecto da reparación do camiño, decidiuse éste porque unha parte quedara sen arranxar do POS, e tamén facer unha cuneta revestida en Rendal, porque corre moita auga polas cunetas e estropea a pista, e por iso vaise poñer unha cuneta de aglomerado para salvala.

b) O resto da cantidade, 158.043,21 euros, destinarase á amortización do préstamo. Tense que pagar como mínimo un importe resultante de aplicar ao préstamo asignado (343.175,96 euros) a porcentaxe de “nivel de endebedamento” sobre os recursos correntes liquidados no exercicio anterior, que no noso caso sería un 28,23%.

Interveñen deseguido:

** A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para indicar que xa falara co alcalde deste tema e que está de acordo.*

** A Sra. Castro Pampín (do PP), para indicar que se van remitir ao Pleno, pero que lle parece interesante o cambio das luminarias, porque suporá un aforro eléctrico considerable, igual que o arranxo das pistas, porque son cousas que hai que ir facendo.*

Tras o exposto, pola presidenta desta comisión someteuse este asunto a votación ordinaria,

Adoptándose -por tres votos a favor (dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade), coa abstención da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez- o acordo de informar favorablemente a participación do Concello no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que estivemos mirando toda esta documentación e parecenos que as propostas realizadas adaptanse á realidade, porque se trata de cousas que facían falta.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que, aínda que o grupo político do Partido Popular vaise abster, reconece que o traballo está ben feito, aínda que igual nós fariámolo doutra maneira.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar que non hai nada que engadir.

* Do Sr. alcalde para expresar que el tampouco vai a engadir nada mais, porque lle parece que está ben xustificada a elección desas tres obras.

Non realizándose máis intervencións, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

E coñecido o modelo de acordo que debe adoptar cada concello para participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, o cal figura incluído no Anexo I das Bases reguladoras de dito plan.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

Primeiro.- Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA
---------------------	-------------	--

		DÉBEDA
Banco Pastor, S.A.	0117/10081601	158.043,21 €
T O T A L		158.043,21 €

B) Inversións financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA	PRÉSTAMO
	TOTAL	MUNICIPAL	PROVINCIAL
Subministro e renovación de luminarias nas parroquias de Lema e Rendal: lugar de Magulán e outros.	64.737,09 €	0	64.737,09 €
Subministro de renovación de luminarias na parroquia de Santa María: lugar de Seixas e outros.	51.324,62 €	0	51.324,62 €
Reparación de camiño Salmonte por Branza (Branza) e outros.	69.071,04 €	0	69.071,04 €
T O T A L	185.132,75 €		185.132,75 €

E aprobar os correspondentes proxectos técnicos, que foran elaborados: en canto ás dúas primeiras obras, polo enxeñeiro de camiños, don Pablo Rojo Losada e, en canto á terceira obra, polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, prevíndose nos tres proxectos técnicos agora aprobados que, dadas as características das obras, considerase necesario e suficiente un prazo de seis meses para o correcto remate das mesmas.

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
1.Redución de endebedamento	158.043,21 €
2.Inversións financeiramente sostibles	185.132,75 €
TOTAL	343.175,96 €

Segundo.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

Terceiro.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas, para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles, para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.

Cuarto.- Autorizar á Deputación Provincial para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Punto 3º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2015.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2015; no seguinte sentido:

“A presidenta da Comisión explica que este expediente foi elaborado como consecuencia da existencia de facturas procedentes do ano 2014, que non puideron ser imputadas ao exercicio anterior, porque tiveron entrada no Concello en data posterior á da celebración da última Xunta de Goberno, e polo tanto quedaron sen aprobar. As facturas son as seguintes:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Docum.	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Descripción	Prog r.	Económ .
F/2015/1	02/01/2015	1562	30/12/2014	315,81	B15436322	O ENREDO DO ABELLEIRO	OBRADORO DE DIETETICA E NUTRICION EN DOMBODAN, MAROXO E VIÑOS.	2311	22606
F/2015/3	02/01/2015	T14001192	30/12/2014	236,24	B15954654	TALLERES FIUZA	SUSTITUIR ESCOBILLAS, GOMAS, PEDAL, LUCES E NIVELAR NO VEHICULO MATRICULA C0719BZ	1621	21400
F/2015/4	02/01/2015	32105776	26/12/2014	269,14	A15027089	AUTOMOVILES LOUZAO, S.A.	REPARACION DE VEHICULO MATRICULA 4558HCZ	1621	21400
F/2015/5	02/01/2015	32105711	22/12/2014	247,89	A15027089	AUTOMOVILES LOUZAO, S.A.	REPARACION DE VEHICULO MATRICULA	1621	21400

							3362CZW		
F/2015/6	02/01/2015	N14-2639	23/12/2014	49,4	B15078892	HERCULES DE EDICIONES, S.S.I	SUBMINISTRO DE LIBROS PARA BIBLIOTECA	3321	62900
F/2015/7	05/01/2015	158	31/12/2014	586,75	33171810Z	LAPIDO BLANCO, Luis	SUBMINISTRO DE MEDICAMENTOS A FUNCIONARIOS SEGUNDO SEMESTRE 2014	221	16008
F/2015/8	07/01/2015	14-260	31/12/2014	30,25	B15501034	CERRAJERIA VILLAR	TRABAJOS DE CERRAJERIA PARA ALARGAR POSTE DE SINAL	920	22699
F/2015/10	08/02/2015	sep-14	20/12/2014	1000	V15361843	ASOCIACION ESCOLA E BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA	ACTUACION REALIZADA NO CONSERVATORIO DE ARZUA CON MOTIVO DA CELEBRACION DO NADAL O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2014	334	22699
F/2015/12	08/02/2015	1045	15/12/2014	3128,71	B15162910	AGROMECANICA VICENTE GARC	REPARACIONES E SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MAQUINARIA AGRARIA (TRACTOR, DESBROZADORA, ...)	1531	21400
F/2015/13	08/01/2015	A/2014/0001939811	31/12/2014	3,55	A79707345	SOLRED, S.A.	GTOS E COMISION DE AUTOESTRADA MES DE DECEMBRO 2014		
F/2015/14	08/01/2015	TA4SA0329869	19/12/2014	18,67	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS MES DE DECEMBRO E GTOS DE NOVIEMBRE DO TELEFONO DO FAX	920	22200

							SERVIZO S SOCIAIS		
F/2015/15	08/01/2015	TA4SA032 9878	19/12/2014	23,6	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS MES DE DICIEMBRE Y GASTOS DE NOVIEMBRE DEL TELEFONO DEL TELECENTRO	920	22200
F/2015/16	08/01/2015	TA4SA032 9875	19/12/2014	17,4	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS MES DE DICIEMBRE Y GASTOS DE NOVIEMBRE DEL TELEFONO DEL ASCENSOR CONCELLO	920	22200
F/2015/17	08/01/2015	G4 1126	31/12/2014	479,5	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	GASTOS DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCION DE LA CASA CONSISTORIAL	920	22103
F/2015/23	09/01/2015	FT140283 3	26/12/2014	528,2	B32102402	COMERCIAL VEHICULOS INDUSTRIALES TAR, S.L.	REVISAR FALLOS DIVERSOS NO VEHICULO MATRICULA E 3362 CZW	1621	21400
F/2015/28	09/01/2015	70/2014	31/12/2014	808,86	78786133R	TRANSPORTES JESUS VILLAR	TRANSPORTE DE MATERIAL ARENOSO PARA VIAS RURAIS	1531	21000
F/2015/29	09/01/2015	136 2014	29/12/2014	194,6	33283489M	PARRADO VIDAL, FERNANDO	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA MANTENIMIENTO		
F/2015/30	12/01/2015	140005733	31/12/2014	2044,3	A15056393	TORCULO ARTES GRAFICAS	SUBMINISTRO E IMPRESION DE 2000 CALENDARIOS ANO 2015	920	22000

F/2015/32	12/01/2015	B 182	31/12/2014	83,68	B15987084	COMERCIAL ALFONSO SOUTO, S.L.	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA MANTENIMIENTO DURANTE O MES DE DICIEMBRE 2014	1531	21300
F/2015/33	12/01/2015	888	30/12/2014	91,52	76803640Q	PALLARES ABUIN, JULIO (RECAMBIOS ARZUA)	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA VEHICULOS DE MANTENIMIENTO	1531	21300
F/2015/36	12/01/2015	JRV-14/00474	31/12/2014	36	B15558794	ESTACION S. J.R. VALIÑO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DIVERSO PARA VEHICULO MANTENIMIENTO (ACEITE SUPER TURBO ESCOBILLAS CHAMPION)	1531	21300
F/2015/37	12/01/2015	POL-14/00949	31/12/2014	94,09	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA VEHICULO MATRICULA 17023CYT	132	22103
F/2015/40	12/01/2015	POL-14/00950	31/12/2014	1530,44	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA VEHICULO MATRICULA 3362CZW	1621	22103
F/2015/41	12/01/2015	POL-14/00951	31/12/2014	43,68	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA VEHICULO MATRICULA 3756GNH	920	22103

F/2015/42	12/01/2015	POL-14/00952	31/12/2014	969,57	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA VEHICULO MATRICULA 4558HCZ	1621	22103
F/2015/43	12/01/2015	POL-14/00953	31/12/2014	95,9	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA VEHICULO MATRICULA 5830FGL	1531	22103
F/2015/44	12/01/2015	POL-14/00954	31/12/2014	70,86	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA VEHICULO MATRICULA 6111HCL	1531	22103
F/2015/46	12/01/2015	POL-14/00955	31/12/2014	114,63	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DO VEHICULO MATRICULA 7856GZW	135	22103
F/2015/47	12/01/2015	POL-14/00956	31/12/2014	48,47	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DO VEHICULO MATRICULA C-0719-BZ	1621	22103
F/2015/48	12/01/2015	POL-14/00957	31/12/2014	60,82	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DO VEHICULO MATRICULA C-1667-BT	1531	22103
F/2015/49	12/01/2015	POL-14/00960	31/12/2014	194,66	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DO VEHICULO MATRICULA E8150BFD	1531	22103

F/2015/50	12/01/2015	POL-14/00959	31/12/2014	228,03	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DO VEHICULO MATRICULA E2861BFL	1531	22103
F/2015/51	12/01/2015	POL-14/00958	31/12/2014	45,58	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DO VEHICULO MATRICULA C-5374-CC	4911	22103
F/2015/52	12/01/2015	POL-14/00961	31/12/2014	33,49	B15522642	ESTACION SERVICIO TEIRABO A, S.L	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE DE MAQUINARIA DIVERSA	1531	22103
F/2015/54	13/02/2015	TA4SA0329874	19/12/2014	17,65	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO ASCENSOR DO MERCADO MES DE DECEMBRO	920	22200
F/2015/55	13/02/2015	TA4SA0329872	19/12/2014	17,66 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO ASCENSOR DO MERCADO MES DE DECEMBRO	920	22200
F/2015/56	13/02/2015	TA4SA0329863	19/12/2014	3,62 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NA BIBLIOTECA MES DE DECEMBRO	920	22200
F/2015/57	13/02/2015	TA4SA0329876	19/12/2014	7,72 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO DEPARTAMENTO DE CULTURA MES DE DECEMBRO	920	22200

F/2015/58	13/02/2015	TA4SA032 9866	19/12/2014	45,14 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO CLUB DE XUBILADOS MES DE DCECEMRO	920	22200
F/2015/59	13/02/2015	TA4SA032 9873	19/12/2014	17,66 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO ASCENSO R MERCAD O MES DE DCECEMRO	920	22200
F/2015/60	13/02/2015	TA4SA032 9871	19/12/2014	17,40 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO DEPARTAMENTO EDUCACION DE ADULTOS MES DE DCECEMRO	920	22200
F/2015/61	13/02/2015	TA4SA032 9868	19/12/2014	17,40 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NO ASCENSO R EDIFICIO MARIA MARIÑO MES DE DCECEMRO	920	22200
F/2015/62	13/02/2015	TA4SA032 9877	19/12/2014	65,68 €	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	COTAS EGTOS DE TELEFONO NA OFICINA DE TURISMO MES DE DCECEMRO	920	22200
F/2015/65	14/02/2015	4,00E+09	31/12/2014	283,52 €	A83052407	CORREO SY TELEGRAFOS, SA	FRANQUEO PAGADO MES DE DCECEMRO	920	22201
F/2015/66	14/02/2015	14/120003 2	31/12/2014	107,85 €	B15726334	AGRO DESPENS A S.L.	SUBMINISTRO DE QUEIXOS ARZUA ULLOA PARA INTECAM BIO CO POBO	912	22601

							IRMAN DE NIEDERE SCHACH		
F/2015/67	14/02/2015	294	31/12/2014	92,95 €	33296787D	SANMARTIN RODRIGUEZ, MARIA JOSE (CASA CHELO)	SERVIZO DE COMIDAS O TRIBUNAL DE OPOSICION DE OPERARIOS VARIOS	912	22601
F/2015/70	02/01/2015	2015	29/12/2014	1.515,53 €	B15274459	TOLDOS GOMEZ, S.L.	SUBMINISTRO BANDEROLAS LONA PVC IMPRESAS UNHA CARA E ROLOS DE MALLA DE OCULTACION FESTA DO QUEIXO	334	22699
F/2015/71	02/01/2015	14-909	22/12/2014	2.799,94 €	B15009681	SUGEMA. SL	SUBMINISTRO DE ESFERA DE HELIO E SINALIZACION INFORMATIVA MULTIUSOS PARA FESTA DO QUEIXO	334	22699
F/2015/100	13/01/2015	A14/287	26/11/2014	1.677,74 €	B15360712	G.S.T., S.L.	REVISION, REPARACION E INSTALACION DA EMISORA DE RADIO ARZUA CON VISITA A MONTE DE O VISO	4911	21300
F/2015/153	15/01/2015	FV/143187	31/12/2014	42,65 €	B15290430	PAMPIN BANGO, Ramon, S.L.	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA VIAS URBANAS	1532	21000

F/2015/187	15/01/2015	FV/143186	31/12/2014	311,15 €	B15290430	PAMPIN BANGO, Ramon, S.L.	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA VIAS URBANAS	933	21200
F/2015/195	15/01/2015	FV/143185	31/12/2014	136,16 €	B15290430	PAMPIN BANGO, Ramon, S.L.	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA EDIFICIOS E INTALACIONES	933	21200
F/2015/196	15/01/2015	172	30/11/2014	319,44 €	78796084Q	SEOANE VARELA, JUAN MANUEL	DIVERSOS TRABALLOS REALIZADOS PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS NO MES DE NOVEMBRO		
F/2015/197	15/01/2015	195	31/12/2014	72,60 €	78796084Q	SEOANE VARELA, JUAN MANUEL	REPARACIONES VARIAS LEVADAS A CABO NOS CAMIONES DURANTE O MES DE DECEMBRO	1531	21400
F/2015/198	15/01/2015	171	30/11/2014	76,23 €	78796084Q	SEOANE VARELA, JUAN MANUEL	REPARACIONES LEVADAS A CABO NOS TRACTORES MES DE NOVEMBRO	1531	21400
F/2015/199	19/01/2015	A/10304	23/12/2014	693,61 €	B70294624	INTERMAX TECHNOLOGY, S.L.	SERVIZO DE INTERNET BANDA ANCHA EN CENTROS SOCIAIS, PABELLONS E PISCINA MUNICIPAL	920	22799
F/2015/201	19/01/2015	26787953	23/12/2014	15,72 €	G28029643	SOCIEDAD XERAL DE AUTORES E EDITORES	SOCIEDAD XERAL DE AUTORES POLA PROYECCION DA PELICULA FROZAN, EL REINO DEL HIELO	334	22699

F/2015/202	19/01/2015	26787968	28/12/2014	52,72 €	G28029643	SOCIEDAD XERAL DE AUTORES E EDITORES	SOCIEDAD XERAL DE AUTORES POLAS ACTUACIONES HUMANAS RONDALLA MORAIMA	334	22699
F/2015/203	20/01/2015	0101-1401450	31/12/2014	1.905,26 €	B15467962	COREGAL, S.L.	RECOLLIDA DE RESIDUOS PTO LIMPO E RESIDUOS VOLUMINOSOS DO 01/12/2014 O 31/12/2014	1622	22799
F/2015/204	20/01/2015	0101-1401458	30/09/2014	2.141,89 €	B15467962	COREGAL, S.L.	RECOLLIDA DE RESIDUOS PTO LIMPO E RESIDUOS VOLUMINOSOS DO 01/09/2014 O 30/09/2014	1622	22799
F/2015/205	20/01/2015	14G/015	30/12/2014	344,85 €	B70116934	ADUMBR O	SERVIZOS PROFESIONAIS DE DESEÑO GRAFICO E SUBMINISTRO DE BOLSAS PLEGABLES PROMOCIONAIS PARA O CIM	2311	22699
F/2015/206	26/01/2015	1,14E+12	24/12/2014	55,56 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRIC A A OUTROS EDIFICIOS MES DECEMBRO 2014	920	22100
F/2015/207	26/01/2015	1,14E+12	24/12/2014	259,28 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRIC A A GARDERIA MES	326	22100

							DECEMBRO 2014		
F/2015/208	26/01/2015	1,14E+12	27/12/2014	13.718,96 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERGIA ELECTRICA A ALUMBRA DOS PUBLICOS MES DECEMBRO 2014	165	22100
F/2015/209	26/01/2015	FE14321163233787	24/12/2014	3.814,33 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERGIA ELECTRICA A OUTROS EDIFICIOS MES DECEMBRO 2014	920	22100
F/2015/210	26/01/2015	FE14321163276550	26/12/2014	1.492,49 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERGIA ELECTRICA A ESCOLAS MES DECEMBRO 2014	323	22100
F/2015/211	26/01/2015	FE14321163276551	26/12/2014	4.754,53 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERGIA ELECTRICA A ALUMBRA DO PUBLICO MES DECEMBRO 2014	165	22100
F/2015/212	26/01/2015	FE14321163233850	24/12/2014	718,95 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	SUBMINISTRO DE ENERGIA ELECTRICA A CASA CONSISTORIAL MES DECEMBRO 2014	920	22100
F/2015/213	08/01/2015	464	31/12/2014	55,54 €	B36166650	CANTERAS DE RICHINOL, S.L	SUBMINISTRO DE MATERIAL ARENOSO PARA VIAS RURAIS	1531	21000

F/2015/21 4	15/01/2015	196	31/12/2014	117,37 €	78796084Q	SEOANE VARELA, JUAN MANUEL	TRABALL OS REALIZAD OS PARA O DEPARTA MENTO DE OBRAS E SERVIZO S DURANTE O MES DE DECEMBR O	933	21200
F/2015/21 6	14/01/2015	125	31/12/2014	2.200,0 0 €	J15923196	CARTAFO LARZUA S.C	SUBMINIS TRO DE MATERIAL DE PAPELERI A, INFORMA TICOS, ENCUADE RNACIÓN S	920	22000

Deseguido intervén:

** A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para indicar que non ten nada que alegar ao respecto.*

** A Sra. Castro Pampín (do PP), para comentar -que como vén sendo habitual respecto deste tipo de expedientes- a postura do grupo político do Partido Popular vai ser a de absterse.*

Tras o exposto, pola presidenta desta comisión someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por catro votos a favor (dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade e da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde), coa abstención dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez- o acordo de informar favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2015.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non ten nada mais que engadir ao indicado na sesión da comisión informativa.*

** Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que tampouco ten nada que engadir sobre o que se dixo na comisión informativa.*

** Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que tampouco ten nada que engadir.*

Tras o exposto, polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros presentes do PP- o acordo de recoñecer as obrigas á que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, polos importes que quedaron indicados; dispoñendo que se efectue o pago das mesmas.

Punto 4º) ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE ARZUA.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2015; no seguinte sentido.

“Explica o presidente desta comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que esta ordenanza nace coa idea de prestar e controlar esas axudas de emerxencia social nun momento puntual, e resulta necesario que exista esta ordenanza para que, desde o departamento de asuntos sociais, se poidan seguir minuciosamente cales son as circunstancias e situacións que teñen esas persoas ou familias.

- Que nesta ordenanza case non queda ningún fio solto, tanto respecto dos requisitos que teñen que cumprir o beneficiario e a familia para a súa concesión, como no sentido de que -se non os cumpre- existe a obriga de restituír ou devolver a axuda.

- Que se contemplan axudas relacionadas coa vivenda ou aloxamento, ou situacións de sinistro, gastos de mobiliario esencial, necesidades básicas como pode ser o alimento, vestidos, gastos sanitarios e tamén contémpnanse axudas para o comedor escolar, material escolar etc.

- Que estas axudas concederanse conforme aos informes das traballadoras sociais e a cantidade outorgada estará en función da situación puntual de emerxencia.

-Que os beneficiarios son as persoas físicas que se atopen empadroadas no Concello de Arzúa de forma ininterrompida, cunha antelación mínima de seis meses á data de presentación da solicitude.

- Que os requisitos xerais e económicos, para ser beneficiario desta axuda, son os que aparecen relacionados no artigo 12 e 13 de dita ordenanza.

- Que os beneficiarios teñen a obriga de aplicar o importe da axuda á finalidade para a foi concedida, facilitar a labor dos servizos sociais, e reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou a contía indebida.

- Que, respecto as incompatibilidades, ningunha persoa poderá ser beneficiaria de mais dunha prestación para a mesma finalidade, pero si será compatible o disfrute polo beneficiario de mais dunha prestación económica, cando estas atendan a distintas finalidades.

- Que a solicitude, unha vez rexistrada no concello, pasarase ao departamento de servizos sociais para ser estudiada pola traballadora social.

- Que unha vez valorada a solicitude, xunto co resto da documentación, dictarase resolución fundamentada, tanto si se denega a axuda como si se concede.

- Que a comisión de valoración estará composta polo alcalde, o concelleiro de servizos sociais e a traballadora social que levantará o acta.

- *Que no artigo 27 detállanse os casos en que tería que reintegrarse as axudas.*

De seguido interveñen:

** A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para indicar que esta ordenanza é moi necesaria para calquera concello, pero hai dous puntos que habería que ter moito en conta, como: non demorar na xestión das solicitudes e mirar quen realmente necesita esa axuda.*

** A secretaria accidental Sra. Pérez Iglesias, para expoñer:*

- Que na ordenanza, no artigo 21.1, xa vén previsto que non se poida demorar a concesión ou denegación da axuda mais de dez días dende a entrada da solicitude no concello, sempre que a documentación estea completa; e, si é un caso moi urxente, pódese resolver tan pronto como se considere necesario dentro deses dez días; o que queda claro na ordenanza é que, mais de dez días, non se pode demorar a resolución de concesión ou denegación.

** A Sra. Varela Duro (do BNG), para manifestar que a Ordenanza tamén prevé que se houbo algún engano, por parte do solicitante, ten que devolver a axuda; aínda que, co control dos requisitos previos, iso xa non debería pasar.*

** O Sr. Orois Valiño (do PP), para indicar:*

- Que no artigo 13 da ordenanza dise que, unha vez descontados no seu caso os gastos derivados do préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda, ata un máximo de 300 euros/mes, ter cumpridos ou non os requisitos depende do número de membros da unidade familiar con respecto ao IPREM.

- Que pensa que o tema do desconto por hipoteca non debería de ter o límite de 300 euros, porque hai que imaxinar o caso dunha persoa que estivera antes da crise en boa situación económica e tivera unha hipoteca de 500 euros, e que gane 1000 euros e non teña outro medio de vida ¿Que pasa con esa persoa? ¿Esa persoa non tería dereito a esa axuda? Porque hai casos de persoas que lles ía ben antes da crise e metéronse nunha hipoteca, que agora, cunha mala situación económica, unha vez pagada a hipoteca do piso non lles queda nada.

** A Sra. Pérez Iglesias, para comentar:*

- Que, para a elaboración desta ordenanza, pediuse información ao servizo de urbanismo para que nos indicaran o prezo medio que podían custar as hipotecas e os alugueres en Arzúa para os pisos normais, e informáronnos de que sobre 250 euros ou 300 euros.

- Que non cree que a finalidade da ordenanza sexa a de axudar a unha persoa que teña unha hipoteca tal alta, tendo en conta que en Arzúa as hipotecas ou alugueres de mais de 300 euros non serían as habituais.

** O Sr. Orois Valiño (do PP), para manifestar que o tema da hipoteca debería de tratar aparte.*

** A Sra. Castro Vallo (do BNG), para comentar que considera que unha persoa que paga eses cartos por unha hipoteca non esta en situación de emerxencia social, hai miles de persoas que non poden pagar a hipoteca.*

** O Sr. Orois Valiño (do PP), para aclarar que se refire ás persoas que, despois de pagar a hipoteca, non lles queda o suficiente para vivir.*

** A Sra. Castro Vallo (do BNG), para indicar que nese caso tería que perder o piso e pagar un aluguer, que o principal é que a persoa poida pagar un aluguer para que teña onde vivir.*

** O Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que, se houbera a posibilidade de dación de pago, o que di a Sra. Castro Vallo pareceríalle ben; pero que se estas pagando por exemplo a cantidade de 500 euros dunha hipoteca e non das pagado esa débeda, o piso vai a unha poxa -e se non cubre a débeda- van polo resto de bens que se teñan. A emerxencia social neste caso existiría igualmente.*

** A Sra. Pérez Iglesias explica que o que quere dicir a ordenanza é que o importe da hipoteca ou do aluguer descóntase do cómputo dos ingresos netos mensuais (ata un máximo de 300 euros), para facer o cálculo de si cumpre ou non cos requisitos económicos segundo se establece na ordenanza; pero isto non quere dicir que unha persoa que pague 600 euros de hipoteca non vaia poder acceder á axuda, dependerá da cantidade que lle quede como ingresos netos mensuais, unha vez descontado ese importe de 300 euros como máximo.*

** O Sr. Orois Valiño pide que se se pode, de aquí a que se celebre o Pleno, se faga un estudio do prezo medio das hipotecas e da xente que poida estar hipotecada en Arzúa, para saber canta xente hai que podería estar ao límite.*

** A Sra. Varela Duro, para manifestar que con esta ordenanza o Concello non pretende ser o salvador das hipotecas.*

** O Sr. Orois Valiño para indicar que, se houbera algunha excepción, debería de poder estudiarse aparte, ou poñer na ordenanza algún apartado no que se excepciónara o cumprimento destes requisitos para os casos mais graves.*

** A Sra. Varela Duro, para manifestar que esta ordenanza parécelle moi realista, e que se adapta perfectamente ao estudio que fixeron as traballadoras sociais, tendo en conta as circunstancias e os casos aos que se pretende aplicar.*

Tras o exposto, pola presidenta desta comisión someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por catro votos a favor (dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade e da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde), coa abstención dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez- o acordo de informar favorablemente a aprobación desta ordenanza.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que considera que este punto xa foi suficientemente debatido na comisión informativa.

- Que o que ten claro é que as situacións de emerxencia básicas son a alimentación e a vivenda.

- Que estas ordenanzas estanse facendo en moitos concellos, porque como saben as traballadoras sociais hai moitas persoas en situación de emerxencia.

- Que hai moitas cousas na ordenanza que se poderían reducir ou ampliar, pero o tema da dación en pago e outras cousas non nos competen a nós.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que a dación en pago é unha desgraza para a xente, e o que dicíamos na sesión da Comisión informativa é que, a xente que está con hipotecas, ao descontarlle só 300 euros en relación ao IPREM, poden quedarlle 200 euros só para vivir e considera que deberían entrar tamén nestas axudas, porque a situación do que está hipotecado, e non pode pagar a hipoteca, é moito peor que a situación da persoa que está de aluguer, porque –como se dixo na sesión da comisión informativa- a persoa que deixa de pagar a hipoteca perde todos os bens e queda nunha situación moito peor; por iso dicíamos que se se poidese contemplar algunha excepción, se incluíse na ordenanza, xa que se analizamos ben as cousas, está en peor situación o que ten unha hipoteca, e se ve asfixiado para pagar, que o que vive nun piso de aluguer.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que o ideal é que se poidera abrir o abanico, cando haxa algunha situación ou casuística; contemplando a posibilidade a acceder a esas axudas.

- Que estamos desde logo abertos a estudar estes casos. Ademais na propia ordenanza hai un apartado que se refire aos caos que estean fóra do que se contempla nela, os cales serán estudados pola vía de urxencia e analizados sempre e cando se cumplan os requisitos mínimos, e na medida do posible procurárase que non quede ninguén fóra cando se trata dunha emerxencia.

- Que na sesión da comisión informativa xa se facía referencia a que hai unha comisión que vai valorar estes casos, que estará presidida polo alcalde, e da que formaran parte as traballadoras sociais e o concelleiro de servizos sociais; polo tanto serán esas persoas as que analizarán e contemplarán a necesidade de conceder esa axuda.

- Que a ordenanza é unha forma de clarificar e darlle certo rigor a esas axudas, partindo duns criterios básicos para que exista transparencia á hora de conceder as axudas.

- Que, calquera outra situación que se produza, sempre será analizada e sopesada.

- Que os servizos sociais son o instrumento que teñen as entidades locais para resolver problemas concretos de familias ou persoas concretas; e, de maneira implícita, na Constitución faise referencia a que o estado do benestar pasa por ter uns bos

servizos sociais, e a propia Comunidade Autónoma establece de maneira mais concreta, clara e específica, esa cobertura hacia a resolución dos problemas; e por suposto a propia entidade municipal tamén ten que ter regulada esta situación de emerxencia.

- Que as necesidades básicas vanse atender, entendendo por básicas a vivenda, unha situación sinistro, a vestimenta, os alimentos e tamén a axuda médica en casos puntuais.

- Que calquera outra situación puntual, que non este contemplada na ordenanza, vaise atender; para iso as solicitudes dirixíranse ao aclade, sendo valoradas polos servizos sociais.

- Que calquera axuda que se conceda vai estar sempre xustificada cun informe dos servizos sociais.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que coas garantías que nos dá a Sra. Varela Duro non temos máis remedio que votar a favor da aprobación desta ordenanza .

- Que os servizos sociais deben saber que se pode presentar ao alcade unha solicitude para concesión dunha axuda, cando xurda calquera tipo de necesidade.

E non realizándose máis intervencións, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria os puntos que procedería adoptar na resolución deste asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social no Concello de Arzúa.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente -o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 5º) PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2015; no seguinte sentido.

“Indica a presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que se trata dun convenio que hai que asinar coa Deputación, previa aprobación polo Pleno, para a creación da sede electrónica.

- Que, a través desta plataforma, os veciños poderán solicitar a tramitación por vía electrónica dos procedementos, presentar documentación, solicitar certificados administrativos electrónicos etc...

- Que o alcalde ten que designar a dúas persoas, unha como representante e outra como representante substituto, para os efectos do mantemento e resolución de problemas que poida xerar esta plataforma.

Pregunta a Sra. Castro Vallo (do BNG) se esta plataforma tamén será válida para que as asociacións poidan facer solicitudes a través dela.

Responde a Sra. Torreiro González (do BNG) que de momento vaise asinar o convenio e despois irase vendo como funciona.

Indica a Sra. Varela Duro (do BNG) que esto vai evitar que a xente teña que estar vindo continuamente ao Concello para realizar calquera trámite.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que hai que ter en conta que hai moita xente que non controla internet.

Indica a Sra. Torreiro González (do BNG), que tamén se poderán facer solicitudes a través de papel como ata agora.

Tras o exposto, pola presidenta desta comisión someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptouse - por unanimidade dos sete concelleiros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE) o acordo de informar favorablemente a aprobación da creación da sede electrónica e adhesión ao convenio correspondente.”

Deseguido intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que está de acordo con que se implante esta plataforma electrónica, aínda que haberá persoas que seguirán indo ao concello porque moita xente maior non sabe andar co ordenador.

E non realizándose máis intervencións, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria os puntos que son necesarios aprobar en relación con este asunto.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- A creación da sede electrónica do concello de Arzúa de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será *sede.concellodearzua.com* configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (*sede.dicoruna.es*), e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

Segundo.- A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e, para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o 28 de outubro 2011, para a utilización compartida da súa sede electrónica.

Terceiro.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais, para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello e a Deputación Provincial de A Coruña, para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de emprego público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde:

a) Para que interveña, en representación do Concello, na sinatura do convenio de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial de A Coruña e para a xestión e administración da sede electrónica municipal.

b) Para que designe ao traballador que será considerado representante/interlocutor municipal, aos efectos previstos no citado convenio de colaboración.

c) Para que adopte as resolucións que considere procedentes, en orde á mellor execución dos cinco acordos agora adoptados.

Faise constar que, previa concesión do uso da palabra, o voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Orois Valiño, realizou a seguinte exposición:

-Que, como vai ser esta a última sesión á que asista neste concello, quere dar as grazas a todos polo trato recibido, e espera ter a vosa amizade; porque vai a formular a súa dimisión como concelleiro, por cuestións persoais, con toda seguridade antes de rematar a lexislatura; e nesta despedida quere dar as grazas a todos os concelleiros, aos funcionarios aquí presentes e ao resto do persoal.

- Que a súa vida política esgótase, porque douse conta de que cando leu a Lenin, en vez de incitarlle a ser un revolucionario, incitoulle totalmente ao contrario. Nunha pequena obra de Lenin, que se titula “Que hacer”, dicía que para que algo funcionase habería que ter disciplina na organización e lealdade na ideoloxía e nos

principios; e él, lealdade nos principios e ideoloxía, tena; nas organizacións costoulle máis encaixar, porque considérase un ser libre e independente e polo tanto non esta de acordo con todo.

- Que quere dar as gracias a todos, polo trato recibido, sempre nos respetamos; e un concello ten que funcionar así aínda que cada un pense como pense.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que sempre houbo capacidade de negociar e de diálogo, e iso é fundamental en política, sobre todo en política municipal, porque ao fin e ao cabo somos todos veciños.

- Que aledase tamén de haberlo coñecido e espera que sigan tendo relación no ámbito privado.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que aledase de coñecer ao Sr. Orois Valiño e coincidir nunha lexislatura que non foi crispada, e quen se beneficiou diso foron os veciños, e non andivemos crispados como sucedeu noutras lexislaturas, o cal era vergonzoso, porque ao final os perxudicados foron a xente de Arzúa, xa que o que sucede no concello traspasase á rúa. Eso supuxo que, noutra época, as familias de Arzúa estiveran pelexadas por ese motivo e había un malestar xeral.

- Que aledase de que nesta lexislatura todos dialogasemos, porque ao fin de contas non nos beneficiaría en nada o andar crispados uns con outros.

- Que quere pedirlle ao Sr. Orois Valiño que non se vaia, porque –por dous meses que quedan- poderá aguantar.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que non é cuestión de aguantar, senón cuestión de querer, e un sabe cando pode estar de mais.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que todos marcharemos coa sensación de facer as cousas mellor ou peor, pero considera que nos podemos dar todos por satisfeitos, como dixo Begoña.

- Que lembra o discurso de investidura, onde dixo que facía falta responsabilidade e honestidade para cambiar as cousas con respecto as lexislaturas pasadas; porque a xente estaba pedindo un pouco de entendimento dentro da Corporación Municipal.

- Que quere agradecer que se chegara ao acordo de deixar gobernar ao partido que obtivo mais votos.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2014.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 3 de marzo de 2014, -en que foi ditada a resolución máis inmediata á última de 28 de febreiro de 2014 (*da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 31 de outubro de 2014*)- ata a ditada o día 30 de xuño de 2014.

Estando referidas: tanto a primeira resolución (*reflectida no folio 7.634 e volto*), como a última (*reflectida nos folios 7.748 a 7.751 e volto*) á aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe –dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (REFERIDO AO CUARTO TRIMESTRE DE 2014) ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao **cuarto trimestre** do pasado exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales:*

transcurriran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 22 de outubro de 2014, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro de 2014 e 31 de decembro de 2014, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no cuarto trimestre de 2014:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	524	19
Importe total	720.621,77 euros	3.966,09 euros

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	10	0
Importe total	180.850,82 euros	0 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010):

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

Segundo.- Dar traslado do contido do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, procedía someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non tivera cabida na rolda de rogos e preguntas (*que sería o punto seguinte, dentro do apartado B) nomeado Control e seguimento da xestión municipal, do Orde de día desta sesión*).

Porén non se fixo uso deste trámite (que pode darse nas sesións plenarias ordinarias), por canto que ningún dos tres grupos políticos representados nesta Corporación Municipal tiña previsto presentar algunha moción.

*Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS.***-

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.00 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.